**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 23 DE NOVEMBRO DE 2012.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día vinte e tres de novembro do ano dous mil doce, tivo lugar a sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada **polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, foi presidida polo Sr. Miguel A. Español Otero (Decreto de delegación da Presidencia nº 733/2012)** e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **Dª. Montserrat Magallanes Álvarez.**
- **Dª. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

**Asiste como Secretario o funcionario do Concello D. Juan Alberto Santos Carrero.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

## PUNTO 1.- ACORDOS

Lese o escrito RE 6.834 de data 26 de outubro de 2012 presentado por D. E.F.F., con enderezo na Carretera do Castro, nº 13 da Guarda, solicitando a bonificación nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Carretera do Castro, nº 13.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaracion da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de OUTUBRO DE 2012 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de outubro de 2012 cuio importe total ascende a cantidade de 838,60 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dase conta e se aproba o informe da Traballadora Social do Concello relativo ao incremento na atención a través do servizo de axuda no fogar con cargo á dependencia así como das altas no servizo dos seguintes usuarios :

| Nome | Horas prestadas | Horas a partir de novembro | observacións |
|---|---|---|---|
| I. A. P. | 0 | 70 h/mensuais | Caso novo |
| O. C. G. | 0 | 46 h/mensuais | Caso novo |
| M. S. C. A. | 8 | 23 h/mensuais | Atendida en libre concurrencia |
| M. F. S. | 22 | 46 h/mensuais | Atendida en libre concurrencia |
| M. B. L. | 22 | 25 h/mensuais | Atendida en libre concurrencia |

Dase conta do escrito do asesor xurídico do Concello comunicando a sentencia ditada o 29 de outubro de 2012 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 497/11 entablado por Dna. Rocio González González contra a resolución do 3 de outubro de 2011 que rechaza o recurso de reposición deducido frente o Decreto do 23 de xuño de 2011 desestimatorio da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada contra o Concello da Guarda polos danos e perxuizos sufridos como  dunha inundación acaecida no local sito na rúa Galicia, nº 11.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito do asesor xurídico do Concello comunicando a sentencia ditada o 15 de outubro de 2012 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 53/2012 entablado por Dna. Delmira Ángeles Martínez Pereira contra a resolución do 14 de setembro de 2011 desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada contra o Concello da Guarda o 16 de setembro de 2011 polos danos e perxuízos sufridos como consecuencia dunha caída na rúa por unha canalización sen cubrir na entrada do restaurante Marouco de Palla.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 7.248 de data 15 de novembro de 2012, remitido por AUGAS DE GALICIA, informando sobre unha denuncia por uns verquidos de augas residuais no lugar de Longra e requerindo que se tomen medidas para o cese de dito verquido.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle a Augas de Galicia que esta anomalía xa está corrixida dende o día 10 de novembro.

Dase conta do escrito RE 4.686 de data 19 de xullo de 2012 presentado por CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE, comunicando as solicitudes para a utilización do pavillón escolar durante o curso 2012/2013 de varias agrupacións da Guarda que contan coa aprobación do Consello Escolar.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que por parte do Concello non hai ningún inconveniente.

## PUNTO 2.- OBRAS MENORES

**Asiste o funcionario do Concello D. Jose Mª Álvarez Álvarez**

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

**A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., R.E. Nº. 5.745 DE DATA 11 DE SETEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TRAVESIA DE VIGO Nº. 204 DE VIGO-C.P. 36207, PARA REALIZACIÓN DUNHA CALA DE 2,00 MTS. NA BEIRARRÚA PARA INSTALAR REDE DE BAIXA TENSIÓN PARA PROPORCIONAR SUMINISTRO ELÉCTRICO DE 20,8 KW. Ó EDIFICIO SITO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ Nº. 21, EN SOLO URBANO.**
**Expte. (NºSGD: 248112060023).**

**A D. RAFAEL VICENTE PORTELA, R.E. Nº. 7.053 DE DATA 6 DE NOVEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CORUTO VELLO Nº. 4 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA AMPLIACIÓN DE PORTAL DE ENTRADA, APROVEITANDO OS RECERCADOS DE PEDRA EXISTENTES E COLOCACIÓN DUN NOVO PORTAL, NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CORUTO VELLO Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).**

**A Dª. PAULA MARÍA DACUÑA ALONSO, R.E. Nº. 7.147 DE DATA 9 DE NOVEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE IRMÁNS NOIA XIL Nº. 1 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA DESMONTAR A CUBERTA ACTUAL DE TELLA PARA POSTERIOR COLOCACIÓN E FIXACIÓN DA MESMA CON ESPUMA DE POLIURETANO E GANCHOS DE ACEIRO INOX. NUNHA SUPERFICIE DE 300,00 M², DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE IRMÁNS NOIA XIL Nº. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).**

**A D. ANTONIO FERNÁNDEZ CABREIRA, R.E. Nº. 6.940 DE DATA 31 DE OUTUBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 39 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA PECHE DE PARCELA CONSISTENTE EN EXCAVACIÓN, FORMIGONADO DE ZUNCHOS E ZAPATAS, REALIZACIÓN DE MURO DE BLOQUES E POSTES NUNHA SUPERFICIE DE 82,50 M². A LINDEIROS, COLOCACIÓN DE PERPIAÑO GRIS MONDARIZ NUNHA SUPERFICIE DE 25,00 M². E INTERCALADO DE 9 COLUMNAS CON FRENTE AO CAMIÑO, SITO NO LUGAR DE "A PICOTA"**

**DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS, EN SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.).**

**A D. ANTONIO MARTÍNEZ ÁLVAREZ, R.E. Nº. 7.054 DE DATA 6 D ENOVEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 8º TRANSVERSAL SOLANAS Nº. 10 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA AMPLIACIÓN DE 2 VENTÁS CON APROVEITAMENTO DOS RECERCADOS DE PEDRA EXISTENTES E COLOCACIÓN DOUTRAS NOVAS E REFORMA DA COCIÑA SUBSTITUINDO ALICATADOS E SOLADOS, NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE TRANSVERSAL COLÓN Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).**

**A D. ANTONIO GONZÁLEZ VICENTE, R.E. Nº. 7.188 DE DATA 12 DE NOVEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CORUTO VELLO Nº. 35 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPICADO DE ZONAS DANADAS DAS FACHADAS E ENFOSCADO CON MORTERO HIDRÓFUGO, E RECERCADO DAS VENTÁS CON PEDRA DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CORUTO VELLO Nº. 35, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).**

**A Dª. CONCEPCIÓN ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, R.E. Nº. 5.885 DE DATA 17 DE SETEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE IREIRA Nº. 8 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA ACONDICIONAMENTO INTERIOR DA VIVENDA CONSISTENTE EN CAMBIO DE PAVIMENTO DETERIORADO, DEMOLICIÓN DE TABIQUE E SUBSTITUCIÓN POR OUTRO DE PLADUR, PINTADO E RODAPIES, REPOSICIÓN DE AZULEXOS ROTOS EN BAÑO E COCIÑA, SITO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ Nº. 10-1º, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.)**

**A D. JOSÉ RODRÍGUEZ GARCIA, R.E. Nº. 6.393 DE DATA 10 DE OUTUBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 58-3º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA OBRAS DE PECHE DE PARCELA NUNHA LONXITUDE DE 25,00 MTS. REALIZADO EN PEDRA PAIS ABUJARDADA, SITA NA RÚA DE DONANTES DE SANGRE, S/N., EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).**

**A D. VENANCIO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 7.242 DE DATA 15 DE NOVEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DO BICHO-PORTECELO Nº. 10 DE O ROSAL-C.P. 36770, PARA SUBSTITUIR ESCAPARATE INCLUIDA A PORTA DE ACCESO DO LOCAL COMERCIAL SITO NA RÚA DE PACÍFICO RODRÍGUEZ Nº. 11-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).**

**A Dª. JOSEFINA BAZ VELASCO, R.E. Nº. 7.352 DE DATA 21 DE NOVEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DO PORTO Nº. 23 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REFORMA DE FACHADA CONSISTENTE NA RETIRADA DE ALICATADOS, RECERCADO CON PEDRA DO PAIS EN FIESTRAS E BARANDILLA NA PLANTA DE BAIXO CUBERTA DO EDIFICIO SITO NA RÚA DO PORTO Nº. 26, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).**

## PUNTO 3.- LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA

LESE O ESCRITO PRESENTADO POR Dª. Mª JOSÉ LOPEZ VICENTE, R.E. Nº. 4.593 DE DATA 13 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE IRMÁNS NOIA XIL, Nº 19 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA Á LICENCIA Nº. 99/2007, POR MODIFICADO DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE 2 EDIFICACIÓNS AUXILIARES (GAREXE E BARBACOA) E PISCINA, SITAS NA RÚA IRMÁNS NOIA XIL, Nº 19, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº 4 DO P.XO.U.)

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA, A VISTA DOS INFORMES TÉCNICO E XURÍDICO, APROBAR A LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA E CONCEDER LICENCIA AS OBRAS SOLICITADAS.

## PUNTO 4.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumpri-lo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1ª ocupación non

permitirá a conexión ós servicios de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servicios a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparellador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaranse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construccións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servicios públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construcción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presencia do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licencia concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licencia outórgase sen prexuízo de terceiros.

**A Dª. SARA GONZÁLEZ GUISANTES, R.E. Nº. 1.475 DE DATA 16 DE MARZO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 44-2º EZQ. DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NO LUGAR DE PINTÁN, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "PINTÁN-PROBA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).**

**A D. JOSÉ LUIS MORENO MARTÍNEZ, R.E. Nº. 2.936 DE DATA 11 DE MAIO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE BECHOS Nº. 5-3º A (EDIFICIO NAVAL 2) DE A GUARDA-36780, PARA *"REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR"* DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA), SITA NA RÚA DE NETOS Nº. 5,**

**EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).**

**A D. PABLO RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ E Dª. REBECA ALONSO ADROVER, R.E. Nº. 4.284 DE DATA 5 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE SUBIDA Ó TORROSO Nº. 41 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE *"PISCINA"* SITA NA RÚA DE SUBIDA Ó TORROSO Nº. 41, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "ROSENTES" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).**

**A D. VICTOR E D. ANTOLIN ESTÉVEZ PORTELA, R.E. Nº. 5.714 DE DATA 10 DE SETEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CACHADAS-A GÁNDARA, S/N. DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE *"VIVENDA UNIFAMILIAR"* COMPOSTA DE (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA) SITA NA RÚA DE SUBIDA Ó TORROSO, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "ZAMAR-O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).**
***(PARCELA Nº. 1).***

**A D. VICTOR E D. ANTOLIN ESTÉVEZ PORTELA, R.E. Nº. 5.713 DE DATA 10 DE SETEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA CACHADAS-A GÁNDARA, S/N, DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE *"VIVENDA UNIFAMILIAR"* COMPOSTA DE (PLANTA BAIXA) SITA NA RÚA DE SUBIDA Ó TORROSO, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "ZAMAR-O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).**
***(PARCELA Nº. 2).***

## PUNTO 5.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

Lese o escrito RE 7.221 de data 14 de novembro de 2012, presentado por I e J LIMA, S.L., con enderezo na rúa San Roque, nº 2 da Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución aportado que desenvolve ó proxecto básico de vivenda unifamiliar sita na rúa José Antonio Lomba Camiña (parcela 4), conforme ó que se outorga licencia municipal de obras nº 118/2011 .

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 22 de novembro de 2012, acorda acceder ó solicitado.

*Sendo as once horas e corenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.*